

Apéndice gramatical

O alfabeto

LETRA	NOME	PRONUNCIA
a	a	[a]
b	be	[b]
c	ce	[θ] (ou [s]), [k]
d	de	[d]
e	e	[e], [ɛ]
f	efe	[f]
g	gue	[g] (ou [h])
h	hache	– (cero)
i	i	[i]
l	ele	[l]
m	eme	[m]
n	ene	[n]
ñ	eñe	[n̄]
o	o	[o], [ɔ]
p	pe	[p]
q	que	[k]
r	erre	[r], [r̄]
s	ese	[s̄]
t	te	[t̄]
u	u	[u]
v	uve	[b̄]
x	xe	[ʃ̄], [k̄s̄]
z	zeta	[θ] (ou [s̄])

Ademais das mencionadas, existen outras grafías que se empregan en galego para palabras que proceden doutras lingüas ou da lingua medieval: *ç* (cedilla), *j* (iota), *k* (ka), *w* (uve dobre) e *y* (i grego).

Outras grafías que se empregan na ortografía moderna do galego son os dígrafos.

DÍGRAFO	NOME	PRONUNCIA
ch	ce hache	[tʃ̄]
gu	gue u	[ḡ] (ou [h̄])
ll	ele dobre	[ʎ̄] (ou [ʃ̄])
nh	ene hache	[n̄]
qu	que u	[k̄]
rr	erre dobre	[r̄]

A acentuación

Levan acento gráfico as seguintes palabras:

Palabaras agudas ou oxítonas que rematan en *vogal*, en *vogal + n*, en *vogal + s* ou en *vogal + ns* (Ex: *mazá*, *latín*, *cafés*, *camións*). OBS: Non se acentúan as palabras monosílabas nin as rematadas en ditongo decrecente (Ex: *fe*, *colleu*, *papeis*).

Palabras graves ou paroxítonas que rematan en consoante distinta de *-n* ou *-s* (Ex: *automóbil*, *conquistábel*, *fácil*) e en grupos consonánticos distintos de *-ns* (Ex: *bíceps*, *clímax*). Tamén se acentúan as palabras graves que rematan en ditongo decrecente (Ex: *posíbeis*, *amábeis*).

Palabras esdrúxulas ou proparoxítonas levan sempre acento gráfico (Ex: *autónomo*, *mágoa*, *vocálico*).

Acentuación de *i*, *u* en hiato: acentúanse graficamente cando van inmediatamente antes ou despois dunha vogal átona, para indicar que ambas as dúas vogais non forman ditongo (Ex: *baúl*, *partía*, *muíño*, *constituír*, *raíña*, *rúa*). OBS: Non levan acento gráfico cando entre elas vai intercalado o *h* (Ex: *prohibo*).

Casos especiais:

a) Acento diacrítico:

á (<i>a + a</i> art; subst)	a (art; pron; prep)
ás (<i>a + as</i> art; subst)	as (art; pron)
bóla ('esfera')	bola (de pan)
cá (<i>ca + a</i>)	ca (conx)
cás (<i>ca + as</i>)	cas (prep)
chá ('plana')	cha (<i>che + a</i>)
chás ('planas')	chas (<i>che + as</i>)
có (<i>ca + o</i>)	co (con + o)
cós (<i>ca + os</i> ; subst)	cos (con + os)
cómpre ('é mester')	compre ('merque')
cómpren ('son mester')	compren ('merquen')
dá (pres e imp do verbo <i>dar</i>)	da (de + a)
dás (pres do verbo <i>dar</i>)	das (de + as)
dó ('compaixón')	do (de + o)
é (pres do verbo <i>ser</i>)	e (conx)
fóra (adv)	fora (antepret dos verbos <i>ser</i> e <i>ir</i>)
má ('ruín')	ma (me + a)
más ('ruíns')	mas (me + as)
máis (adv e pron)	mais (conx)
nó (subst)	no (en + o)
nós (pron tónico; pl de nó)	nos (pron átono; en + os)
ó (<i>a + o</i>)	o (art; pron)
ós (<i>a + os</i>)	os (art; pron)
óso (do corpo)	oso (animal)
pé (parte do corpo)	pe (letra)
péga ('obxecto' de pegar)	pega ('paxaro')
póla ('rama')	pola ('galiña'; <i>por + a</i>)
pór ('poñer')	por (prep)
présa ('apuro')	presa ('prendida'; 'presada')
sé (dun bispo; imp do verbo <i>ser</i>)	se (conx; pron)
só (adv e adx)	so (prep)
té ('infusión')	te (pron; letra)
vén (pres do verbo <i>vir</i>)	ven (pres do verbo <i>ver</i> ; imp do verbo <i>vir</i>)
véns (pres do verbo <i>vir</i>)	ves (pres do verbo <i>ver</i>)
vós (pron tónico)	vos (pron átono)

- b) Os estraneirismos de uso habitual seguen as regras xerais de acentuación, aínda que non estean adaptados ao galego (Ex: *iglú*, *accésit*, *bádminton*). Os estraneirismos que rematan en *-y* reciben o mesmo tratamento ca as palabras rematadas en *-i* (Ex: *playboy*, *hóckey*, *whisky*). Tamén se poden manter na súa forma orixinal cando exista conciencia do seu carácter de estraneirismo.
- c) O verbo con pronoméncio enclítico ou cos alomorfos do artigo determinado *lo(s)*, *la(s)* compórtase coma se fose unha soa palabra (Ex: *amábala*, *fixéronllelo*, *bébe-la auga*). O acento diacrítico das formas verbais mantense cando van seguidas dunha forma átona do pronoméncio (Ex: *éche*, *dállo*).
- d) Os adverbios en *-mente* non levan acento gráfico ao ser palabras graves rematadas en vogal (Ex: *amablemente*, *amabelmente*).
- e) Os interrogativos e exclamativos só levan acento gráfico cando introducen interrogativas ou exclamativas indirectas en que sexa preciso marcalo para evitar anfiboloxías (Ex: *dille qué queres/dille que queres*).
- f) As palabras compostas xa soldadas non manteñen o acento gráfico do primeiro elemento (Ex: *vichelocrego*).

Formación do plural

As palabras que rematan en vogal ou ditongo engaden un *-s* (Ex: *musulmá/musulmás; rei/reis*). Os estraneirismos que rematan en vogal tamén forman o plural engadindo *-s* ou ben respectan a forma de plural da lingua de orixe (Ex: *hippy/hippys, hippies*).

As palabras que rematan en consoante:

- a) *-N*: engaden un *-s* (Ex: *camión/camións, lambón/lambóns*).
- b) *-L*:
 - Monosílabas engaden *-es* (Ex: *cal/cales, el/eles, fel/felés, fol/foles, gol/goles, mal/males, mel/meles, mil/miles, mol/moles, pel/peles, ril/riles, rol/roles, sal/sales, sol/soles, tal/tales, til/tiles, val/vales, vil/viles, xel/xelles*).
 - Polisílabas que non sexan agudas: engaden *-es* (Ex: *móbil/móbiles*).
 - Polisílabas agudas: engaden *-is* con perda do *-l* final (Ex: *animal/animais, papel/papeis*).
 - Palabras compostas que teñen como segundo elemento algúns dos monosílabos anteriores engaden *-es* (Ex: *xirasol/xirasoles*).
- c) *-R* ou *-Z*: engaden *-es* (Ex: *luz/luces, paz/paces*). Os estraneirismos seguén a regra xeral (Ex: *húsar/húsares*), aínda que aqueles que non están moi integrados poden formar o plural engadindo *-s* (Ex: *póstero/pósteres, pósters*).
- d) *-S* ou *-X [ks]*: as palabras agudas que acaban en *-s* forman o plural con *-es* (Ex: *deus/deuses*), excepto aquelas que rematan en grupo consonántico (Ex: *fax, luns*) que permanecen invariables.
- e) Noutras consoantes, distintas das anteriores engaden *-s* (Ex: *club/clubs, tic/tics, anorak/anoraks, boicot/boicots, sprint/sprints*).

Formación do feminino

a) Nomes que rematan en *-N*:

- Substantivos e adxectivos que rematan en *-án* forman o feminino en *-á* (Ex: *cristián/cristiá, irmán/irmá*), excepto os caracterizadores despectivos, que o fan en *-ana* (Ex: *lacazán/lacazana, charlatán/charlatana*).
- Substantivos e adxectivos que rematan en *-ón* forman o feminino en *-oa* (Ex: *anfitrión/anfitrioa, patrón/patroa*), menos aqueles en que *-ón* é un sufijo aumentativo ou deverbal pexorativo, que forman o feminino en *-ona* (Ex: *faltón/faltona, mandón/mandona*).
- Substantivos e adxectivos que rematan en *-ín* forman o feminino en *-ina* (Ex: *danzarín/danzarina, cantarín/cantarina*), excepto *ruín*, que é invariable.
- Adxectivos que rematan en *-ún*: forman o feminino en *-úa* (Ex: *vacún/vacúa*), excepto *común*, que é invariable, e *euscaldún*, que o fai en *euscalduna*.
- O único nome que remata en *-én* é *refén*, pero é invariable.

b) Nomes que rematan en vogal ou ditongo tónicos:

- Os substantivos que rematan en vogal tónica tenden a engadir *-a* na formación do feminino (Ex: *bisavó/bisavaa*), menos aqueles que sexan invariables (Ex: *chimpancé, xirafa*). Mentre os adxectivos tenden a ser invariables (Ex: *somalí*).
- Nú, cru, recrú, só, mao* ('ruín'), *grou, xudeu* e *sandeu* forman o seu feminino en *núa, crúa, recrúa, soa, má, grúa, xudía* e *sandía*.

c) Nomes que rematan en *-ÉS*:

- Os xentilicios e adxectivos que rematan en *-és*, forman o feminino en *-esa* (Ex: *chinés/chinesa, portugués/portuguesa, montés/montesa*), menos os invariables (Ex: *cortés*).

d) Casos especiais:

- Algunhas palabras forman o feminino de xeito especial sobre a base léxica do masculino, como *abade/abadesa, actor/actriz, heroe/heroína, tsar/tsarina, sacerdote/sacerdotisa*, etc.

A diérese

Emprégase coa letra *u* para indicar que se pronuncia esta vogal nas sílabas *güe, güi* (Ex: *bilingüe, lingüística, ungüento, pingüín*).

Emprégase tamén sobre a letra *i* na primeira e segunda persoas de plural do copretérmino de indicativo, para indicar que forma sílaba de por si (aínda que é átono, distingúindoo así das formas do presente de subxuntivo, en que o *i* forma ditongo), dos verbos rematados en *-aer, -oer, -aír* e *-oír* (Ex: *traiámos, traíades; moiámos, moiades; saímos, saíades; oímos, oíades*). OBS: Os verbos en *-uir* tamén levan diérese no copretérmino de indicativo ao formar tamén o *i* sílaba propia, aínda que non presenten confusión coas formas do presente de indicativo (Ex: *construímos, construíades*).

O apóstrofo

Admítense o seu uso para reproducir o galego falado (Ex: *cand'o vexas dimo*).

Tamén se pode empregar nos títulos de obras ou publicacións que comecen por artigo e que poidan contraer coas preposiciones *en* ou *de* (Ex: *Traballa n'O Correo Galego*).

Signos de interrogación e de admiración

Márcanse ao final do período interrogativo ou admirativo mediante os signos *? e !*, respectivamente (Ex: *Quen chamou? Gañamos!*). Tamén se poderán colocar ao principio cos signos *¿ e ¡*, respectivamente, cando poida haber ambigüidades de lectura.

O artigo

Artigo determinado

	MASCULINO	FEMININO
SING	o	a
PL	os	as

Existe a variante alomórfica *lo(s), la(s)*, só obrigatoria tras da preposición *por* e o adverbio *u* (Ex: *Foi pola herba; u-lo rapaz?*).

Esta variante alomórfica pode, ademais, empregarse na escrita nos seguintes casos:

- Despois de infinitivo, das formas verbais conxugadas que rematan en *-r* ou *-s* e dos pronomes enclíticos *nos, vos* e *lles* (Ex: *Ven colle-los cartos; comprámo-lo pan; déuvo-lo ela*).
- Despois dos pronomes tónicos *nós* e *vós* seguidos dunha precisión numérica (Ex: *Nó-los doux somos amigos*).
- Despois de *ambos, entrambos* e *todos*, e os seus femininos, da preposición *tras* e da conxunción (*e*) *mais* (Ex: *Entrámbolos doux acabaremos antes; trala noite chega o día; ti e mailo teu curmán sodes o demo*).

Contraccións das preposicións *a, con, de* e *en* co artigo determinado:

ART PREP \	O	A	OS	AS
A	ao/ó	á	aos/ós	ás
CON	co	coa	cos	coas
DE	do	da	dos	das
EN	no	na	nos	nas

O encontro da conxunción comparativa *ca* co artigo determinado pode solucionarse *ca o(s), ca a(s)*, ou mediante a contracción *có(s), cá(s)* (Ex: *Son más bos ca os/cós meus*); pero esta contracción non se realizará na escrita cando a conxunción vai seguida da preposición *a* (Ex: *Deulle más cartos á miña filla ca á túa*).

Artigo indeterminado

	MASCULINO	FEMININO
SING	un	unha
PL	uns	unhas

Contraccións das preposicións *con, de* e *en* co artigo indeterminado

ART PREP \	UN	UNHA	UNS	UNHAS
CON	cun	cunha	cuns	cunhas
DE	dun	dunha	duns	dunhas
EN	nun	nunha	nuns	nunhas

Cando a preposición non forma parte da mesma frase ca o artigo, non se realiza a contracción (Ex: *De un garda estar alí, non chocarían*).

O demostrativo

		MASCULINO	FEMININO	NEUTRO
I	SING PL	este estes	esta estas	isto —
II	SING PL	ese eses	esa esas	iso —
III	SING PL	aquele aqueles	aquela aqueellas	aquilo —

Combinación do demostrativo co indefinido *outro*.

		MASCULINO	FEMININO
I	SING PL	estoutro estoutros	estoutra estoutras
II	SING PL	esoutro esoutros	esoutra esoutras
III	SING PL	aqueloutro aqueloutros	aqueloutra aqueloutras

Existen tamén as formas plenas, *este outro*, *ese outro*, *aquel outro*, tanto para o masculino como para o feminino, que son ademais as únicas válidas para o neutro: *isto outro*, *iso outro*, *aquilo outro*.

Contraccións do demostrativo coas prep *de* e *en*

		MASCULINO	FEMININO	NEUTRO
I	SING PL	deste/neste destes/nestes	desta/nesta destas/nestas	disto/nisto —
II	SING PL	dese/nese deses/neses	desa/nesa desas/nesas	diso/niso —
III	SING PL	daquel/naquel daqueles/naqueles	daquela/naquela daquelas/naquelas	daquilo/naquilo —

Estas contraccións non teñen lugar cando a preposición non rexe o substantivo que vai modificado polo demostrativo: *de estas conclusións seren aceptadas*.

Os posesivos

PERSOA		SING		PL	
		MASC	FEM	MASC	FEM
SING	1 ^a	meu	miña	meus	miñas
	2 ^a	teu	túa	teus	túas
	3 ^a	seu	súa	seus	súas
PL	1 ^a	noso	nosa	nosos	nosas
	2 ^a	voso	vosa	vosos	vosas
	3 ^a	seu	súa	seus	súas

Pronomes persoais

Serie tónica

Nº	PERSOA	SUXEITO	FORMAS OBLICUAS			
			LIBRES		LIGADAS	
			NON REFLEX	REFLEX	NON REFLEX	REFLEX
SING	1 ^a	eu	min		comigo	
	2 ^a		ti		contigo	
	3 ^a	el, ela		si	—	consigo
PL	1 ^a	nós / nosoutros -as			connosco	
	2 ^a	vós / vosoutros -as			convosco	
	3 ^a	eles, elas		si	—	consigo

Contracción do pronom de terceira persoa coas preposicóns *de* e *en*.

ART PREP \	EL	ELA	ELES	ELAS
DE	del	dela	deles	delas
EN	nel	nela	neles	nelas

Serie átona

Nº	PERSOA	XÉNERO	NON REFLEXIVO		REFLEXIVO
			DATIVO	ACUSATIVO	
SING	1 ^a		me		
	2 ^a		che		te
	3 ^a	MASC	lle	o, lo, no	se
		FEM		a, la, na	
PL	1 ^a		nos		
	2 ^a		vos		
	3 ^a	MASC	lles	os, los, nos	se
		FEM		as, las, nas	

As formas *o(s)*, *a(s)*, *lo(s)*, *la(s)*, *no(s)* e *na(s)* son variantes combinatorias que se usan en determinados contextos:

- lo(s)*, *la(s)* úsanse cando o pronomé é enclítico dunha forma verbal (excluído o participio) ou pronominal rematada en *-s* ou *-n* (Ex: *comer/comelo*, *comes/cómelo*) e tras o adverbio *u* (Ex: *ulo?*).
- no(s)*, *na(s)* úsanse tras formas verbais que rematan en ditongo (Ex: *hai/haino*, *deu/deuno*).
- o(s)*, *a(s)* úsanse no resto dos casos (Ex: *ollo/cólloo*, *comín/comino*, *non quero/non o quero*).

Concorrencia dos pronomes en dativo co acusativo de terceira persoa:

ACUS DAT \	O/LO	A/LA	OS/LOS	AS/LAS
ME	mo	ma	mos	mas
CHE	cho	cha	chos	chas
LLE	llo	lla	llos	llas
NOS	nolo	nola	nolos	nolas
VOS	volo	vola	volos	volas
LLES	llelo	llela	llelos	llelas

Cuantificadores

algún(s), algunha(s)	un(s), unha(s)	demasiado(s), demasiada(s)
alguén	varios, varias	máis
algo	pouco(s), pouca(s)	menos
ningún(s), ningunha(s)	bastante(s)	tanto(s), tanta(s)
ninguén	abondo(s), abonda(s)	todo(s), toda(s)
nada	moito(s), moita(s)	cada; cadaquén
ren/res	ben	ambos(as); entrambos(as)

Algún(s), *algunha(s)* e *outro(s)*, *outra(s)* contraen coas preposicións *en* e *de*: *nalgún(s)*, *nalgunha(s)*; *dalgún(s)*, *dalgunha(s)*; *noutro(s)*, *noutra(s)*; *doutro(s)*, *doutra(s)*.

O indefinido *un(s)*, *unha(s)*, cando funciona como adjetivo, presenta as mesmas contraccións ca o artigo indeterminado, pero cando se usa como pronominal non se representa na escrita a contracción coa preposición *con* (*non foi nin con un nin con outro*).

Identificadores

outro(s), otra(s)	<i>o(s) demás</i> , <i>a(s) demás</i>
calquera; quenquera	<i>o(s) más</i> , <i>a(s) más</i>
tal(es)	<i>certo(s)</i> , <i>certa(s)</i>
mesmo(s), mesma(s)	<i>determinado(s)</i> , <i>determinada(s)</i>
propio(s), propia(s)	

Relativos, interrogativos e exclamativos

que	canto(s), canta(s)
quen	cuxo(s), cuxa(s)
cal(es)	

Numerais

Cardinais

cero	dezaseis	oitenta
un/unha	dezasete	oitenta e un/unha
dous/dúas	dezaoto	noventa
tres	dezanove	noventa e un/unha
catro	vinte	cen
cinco	vinte e un/unha	cento un/unha
seis	trinta	douscentos/duascentas
sete	trinta e un/unha	trescentos/trescentas
oito	corenta	catrocientos/catrocenas
nove	corenta e un/unha	cincocentos/cincocentas, quiñentos/quiñentas
dez	cincuenta	seiscientos/seiscentas
once	cincuenta e un/unha	setecentos/setecentas
doce	sesenta	oitocentos/oitocentas
trece	sesenta e un/unha	novecentos/novecentas
catorce	setenta	mil
quince	setenta e un/unha	

Ordinais¹

primeiro	décimo quinto	sesaxésimo primeiro
segundo	décimo sexto	septuaxésimo
terceiro	décimo sétimo	septuaxésimo primeiro
cuarto	décimo oitavo	octoxésimo
quinto	décimo noveno	octoxésimo primeiro
sexto	vixésimo	nonaxésimo
sétimo	vixésimo primeiro	nonaxésimo primeiro
oitavo	trixésimo	centésimo
noveno	trixésimo primeiro	centésimo primeiro
décimo	cuadraxésimo	milésimo
undécimo/décimo primeiro	cuadraxésimo primeiro	milésimo primeiro
duodécimo/décimo segundo	quincuaxésimo	millonésimo
décimo terceiro	quincuaxésimo primeiro	millonésimo primeiro
décimo cuarto	sesaxésimo	

Multiplicativos

dobre; duplo, dupla	septuplo, séptupla
triplo, tripla	óctuplo, óctupla
cuádruplo, cuádrupla	nónuplo, nónupla
quíntuplo, quíntupla	décuplo, décupla
séxtuplo, séxtupla	céntuplo, céntupla

Partitivos

medio, media	décimo, décima
terzo, terza	onceavo, onceava
cuarto, cuarta	doceavo, doceava
quinto, quinta	centésimo, centésima
sexto, sexta	milésimo, milésima
sétimo, sétima	millonésimo, millonésima
oitavo, oitava	
noveno, novena	

¹ Todas as formas admiten morfemas de xénero e número que repercuten só no segundo elemento (Ex: *décimo sexta*).

Verbo

Paradigmas regulares

	1 ^a Conxugación AMAR	2 ^a Conxugación VARRER	3 ^a Conxugación PARTIR
PRESENTE IND	amo amas ama amamos amades aman	varro varres varre varremos varredes varren	parto partes parte partimos partides parten
COPRETÉRITO IND	amaba amabas amaba amabamos amabades amaban	varría varrías varría varriamos varriades varrían	partía partías partía partiamos partiades partían
PRETÉRITO IND	amei amaches amou amamos amastes amaron	varrín varriches varreu varremos varrestes varrerón	partín partiches partiu partimos partistes partiron
ANTEPRETÉRITO IND	amara amaras amara amaramos amarades amaran	varrera varreras varrera varreramos varrerades varreren	partira partiras partira partiramos partirades partiran
FUTURO IND	amarei amarás amará amaremos amaredes amarán	varrerei varrerás varrerá varreremos varreredes varrerán	partirei partirás partirá partiremos partiredes partirán
POSPRETÉRITO IND	amaría amarías amaría amariamos amarades amarían	varrería varrerías varrería varreramos varrerades varrerían	partiría partirías partiría partiriamos partiriades partirían
PRESENTE SUBX	ame ames ame amemos amedes amen	varra varras varra vramos varrades varran	parta partas parta partamos partades partan
PRETÉRITO SUBX	amase amasés amase amásemos amásedes amasen	varrese varreses varrese varrésemos varrésedes varresen	partise partises partise partísemos partísedes partisen

FUTURO SUBX	amar amares amar amarmos amardes amaren	varrer varreres varrer varrermos varrerdes varreren	partir partires partir partirmos partirdes partiren
IMPERATIVO	ama amade	varre varrede	parte partide
INF CONX	amar amares amar amarmos amardes amaren	varrer varreres varrer varrermos varrerdes varreren	partir partires partir partirmos partirdes partiren
FORMAS NOMINAIS	INF amar	INF varrer	INF partir
	XER amando	XER varrendo	XER partindo
	PART amado	PART varrido	PART partido

Verbos con alteracións

Verbos en *-CER* e *-CIR* (menos *facer*, *dicir* e derivados)

	OBEDECER	TRADUCIR		
	PRESENTE IND	COPRETÉRITO IND	PRETÉRITO IND	ANTEPRETÉRITO IND
	obedezo obedeces obedece obedecemos obedecedes obedecen	obedecía obedecías obedecía obedeciamos obedeciades obedecían	traduzo traduces traduce traducimos traducides traducen	traducía traducías traducía traduciamos traduciades traducían
	obedecín obedeciches obedeceu obedecemos obedecestes obedeceron	obedecía obedecías obedecía obedeciamos obedeciades obedecían	traducín traduciches traduciú traducimos traducistes traduciron	traducira traduciras traducira traduciramos traducirades traduciran
	obedecera obedeceras obedecera obedeceramos obedecerades obedeceran	obedecía obedecías obedecía obedeciamos obedeciades obedecían	traducira traduciras traducira traduciramos traducirades traduciran	traducira traduciras traducira traduciramos traducirades traduciran

FUTURO IND	obedecerei obedecerás obedecerá obedeceremos obedeceredes obedecerán	traducirei traducirás traducirá traduciremos traduciredes traducirán
POSPRETÉRITO IND	obedecería obedecerías obedecería obedeceríamos obedeceríades obedecerían	traduciría traducirías traduciría traduciríamos traduciríades traducirían
PRESENTE SUBX	obedeza obedezas obedeza obedezamos obedezades obedezan	truduza traduzas truduza traduzamos traduzades traduzan
PRETÉRITO SUBX	obedecese obedeceses obedecese obedecésemos obedecésedes obedecesen	tradicise tradicises tradicise tradicísemos tradicísedes tradicisen
FUTURO SUBX	obedecer obedeceres obedecer obedecermos obedecerdes obedeceren	traducir traducires traducir traducirmos traducirdes traduciren
IMPERATIVO	obedece obedecede	traduce traducide
INF CONX	obedecer obedeceres obedecer obedecermos obedecerdes obedeceren	traducir traducires traducir traducirmos traducirdes traduciren
FORMAS NOMINAIS	INF obedecer	INF traducir
	XER obedecendo	XER traducindo
	PART obedecido	PART traducido

Verbos con radical rematado en vogal

Verbos rematados en -EAR, -OAR, -IAR, -UAR

	PASEAR	ACAROAR	OFICIAR/FIAR ¹	MINGUAR ¹
PRESENTE IND	paseo paseas pasea paseamos paseades pasean	acaroo acaroas acaroa acaroamos acaroades acaroan	oficio/fio oficias/fías oficia/fía oficiamos/fiamos oficiades/fiades ofician/fían	minguo minguas mingua minguamos minguades minguan
COPRETÉRITO IND	paseaba paseabas paseaba paseabamos paseabades paseaban	acaroaba acaroabas acaroaba acaroabamos acaroabades acaroaban	oficiaba/fiaba oficiabas/fiabas oficiaba/fiaba oficiabamos/fiabamos oficiabades/fiabades oficiaban/fiaban	minguaba minguabas minguaba minguabamos minguabades minguaban
PRETÉRITO IND	paseei paseaches paseou paseamos paseastes pasearon	acaroei acaroaches acarou acaroamos acaroastes acaroaron	oficieei/fiei oficiaches/fiaches oficiou/fiou oficiamos/fiamos oficiastes/fiastes oficiaron/fiaron	mingüei minguaches mingou minguamos minguastes minguaron
ANTEPRETÉRITO IND	paseara pasearas paseara pasearamos pasearades pasearan	acaroara acaroaras acaroara acaroaramos acaroarades acaroaran	oficiara/fiara oficiaras/fiaras oficiara/fiara oficiaramos/fiaramos oficiarades/fiarades oficiaran/fiaran	minguara minguargas minguara minguaramos minguarades minguaran
FUTURO IND	pasearei pasearás paseará pasearemos pasearedes pasearán	acaroarei acaroarás acaroará acaroaremos acaroaredes acaroarán	oficiarei/fiarei oficiarás/fiarás oficiará/fiará oficiaremos/fiaremos oficiaredes/fiaredes oficiarán/fiarán	minguarei minguarás minguará minguaremos minguaredes minguarán
POSPRETÉRITO IND	pasearía pasearías pasearía paseariamos paseariades pasearían	acaroaría acaroarias acaroaría acaroariamos acaroariades acaroarían	oficiaría/fiaria oficiarias/fiarías oficiaría/fiaria oficiariamos/fiariamos oficiariades/fiariades oficiaría/fiaria	minguaría minguarias minguaría minguariamos minguariades minguarián
PRESENTE SUBX	pasee pasees pasee paseemos paseedes paseen	acaroe acaroes acaroe acaroemos acaroides acaroen	oficie/fíe oficies/fíes oficie/fíe oficiemos/fiemos oficiedes/fiedes oficien/fien	mingüe mingües mingüe mingüemos mingüedes mingüen
PRETÉRITO SUBX	pasease paseases pasease paseásemos paseásedes paseasen	acaroase acaroases acaroase acaroásemos acaroásedes acaroasen	oficiase/fiase oficiases/fiases oficiase/fiase oficiásemos/fiásemos oficiásedes/fiásedes oficiasen/fiasen	minguse minguses minguse minguásemos minguásedes minguasen

FUTURO SUBX	pasear paseares pasear pasearmos paseardes pasearen	acaroar acaroares acaroar acaroarmos acaroardes acaroaren	oficiar/fiar oficiares/fiares oficiar/fiar oficiarmos/fiarmos oficiardes/fiardes oficiaren/fiaren	minguar minguares minguar minguarmos minguardes minguaren
IMPERATIVO	pasea paseade	acaroa acaroade	oficia/fía oficiade/fiade	mingua minguade
INF CONX	pasear paseares pasear pasearmos paseardes pasearen	acaroar acaroares acaroar acaroarmos acaroardes acaroaren	oficiar/fiar oficiares/fiares oficiar/fiar oficiarmos/fiarmos oficiardes/fiardes oficiaren/fiaren	minguar minguares minguar minguarmos minguardes minguaren
FORMAS NOMINAIS	INF pasear	INF acaroar	INF oficiar/fiar	INF minguar
	XER paseando	XER acaroando	XER oficiando/fiando	XER minguando
	PART paseado	PART acaroado	PART oficiado/fiado	PART minguado

¹ Entre estes verbos que rematan en *-IAR* e *-UAR* hai aqueles en que *ia, io, ie, uo* e *ue* forman ditongo, e os que forman hiato. Os do primeiro tipo son os más abundantes, e adoitan derivar do substantivo en *-io, -ia*, como *cambiar, oficial, viciar*, etc. Os do segundo tipo son menos frecuentes, e correspondense cos substantivos en *-ío, -ía*, como *adiar, agoniar, arrefriar, asubiar, aviar, chiar, confiar, desafiar, desconfiar, espiar, fiar, guiar, liar, miar, porfiar, variar, vixiar* e outros da familia léxica. Tamén seguen este modelo *ansiar* e *paliar*.

Verbos en **-AER, -OER, -AÍR, -OÍR e -UÍR**

Caer (decaer, recaer), choer, doer (condoer), moer (remoer), proer, roer (corroer), oír (desoír, entreoír), saír (sobresaír), os derivados de *traer (atraer, distraer...)*, son regulares, pero intercalan un *-i-* entre a raíz e a desinencia cando esta comeza por *o* ou *a*.

Os verbos en *-UÍR*, tipo: *argüír, atribuír, concluír, construír, contribuír, destituír, destruír, diluír, fluír, imbuír, restituír*, etc, e derivados, son regulares.

	RECAER	MOER	SAÍR	OÍR	INCLUÍR
PRESENTE IND	recaio recaes recae recaemos recaedes recaen	moio moes moe moemos moedes moen	saio saes sae saímos saídes saen	oio oes oe oímos oídes oen	inclúo inclúes inclúe inclúimos incluídes inclúen
COPRETÉRITO IND	recaía recaías recaía recaíamos recaíades recaían	moía moías moía moíamos moíades moían	saía saías saía saíamos saíades saían	oía oías oía oíamos oíades oían	inclusía inclusías inclusía inclusíamos inclusíades inclusían
PRETÉRITO IND	recaín recaíches recaeu recaemos recaestes recaeron	moín moíches moeu moemos moestes moeron	saín saíches saíu saímos saístes saíron	oín oíches oíu oímos oístes oíron	inclusín inclusíches inclusiu inclusímos inclusístes inclusíron

PRESENTES SUBX	recaia recaias recaia recaiamos recaiaedes recaian	moia moias moia moiamos moiaedes moian	saia saias saia saiamos saiades saian	oia oias oia oiamos oiades oian	inclúa inclúas inclúa incluamos incluades inclúan
IMPERATIVO	recae recaede	moe moede	sae saíde	oe oíde	inclúe incluíde

Verbos en -ER (< -eer) e -IR (< -iir)

Seguen este modelo: *crer, descrer, ler, reler, trasler, sobreser, rir, sorrir* e derivados.

	LER	RIR
PRESENTES IND	leo les le lemos ledes len	rio ris ri rimos rides rin
COPRETÉRITO IND	lia lías lia liamos liades lian	ria rías ria riamos riades rian
PRETÉRITO IND	lin liches leu lemos lestes leron	rin riches riu rimos ristes riron
ANTEPRETÉRITO IND	lera leras lera leramos lerades leran	rira riras rira riramos rirades riran
FUTURO IND	lerei lerás lerá leremos leredes lerán	rirei rirás rirá raremos riredes rirán
POSPRETÉRITO IND	lería lerías lería leriamos leriades lerían	riría rirías riría ririamos rirades rirían

PRESENTE SUBX	lea leas lea leamos leades lean	ría rías ría riamos riades rían
PRETÉRITO SUBX	lese leses lese lésemos lésedes lesen	rise rises rise rísemos rísedes risen
FUTURO SUBX	ler leres ler lertos lerdes leren	rir rires rir rirmos rirdes riren
IMPERATIVO	le lede	ri ride
INF CONX	ler leres ler lertos lerdes leren	rir rires rir rirmos rirdes riren
FORMAS NOMINAIS	INF ler	INF rir
	XER lendo	XER rindo
	PART lido	PART rido

Verbos con alternancias vocálicas no radical do verbo

Verbos en *-ER*

Os verbos en *-ER* que teñen *-e-*, *-o-* como últimas vogais do lexema presentan unha alternancia [ɛ], [ɔ] (2^a e 3^a persoa de singular e 3^a de plural do presente de indicativo)/[e], [o] (no resto), cando son tónicas.

Quedan excluídos desta alternancia os verbos *querer*, *quecer*, *esquecer*, *poder*, *deber*, *crer*, *ler* e *sobreser*, así como os seus derivados.

	BEBER	COMER
PRESENTE IND	bebo [e] bebes [ɛ] bebe [ɛ] bebemos bebedes beben [ɛ]	como [o] comes [ɔ] come [ɔ] comemos comedes comen [ɔ]

PRESENTE SUBX	beba [‘e] bebas [‘e] beba [‘e] bebamos bebades beban [‘e]	coma [‘o] comas [‘o] coma [‘o] comamos comades coman [‘o]
IMPERATIVO	bebe [‘e]	come [‘o]

Verbos en *-IR*

	ADVERTIR ¹	SERVIR ²	FUXIR ³
PRESENTE IND	advirtro advirtres advirte advertimos advertides advirten	sirvo serves [‘ɛ] serve [‘ɛ] servimos [e] servides [e] serven [‘ɛ]	fuxo foxes [‘ɔ] foxe [‘ɔ] fuximos fuxides foxen [‘ɔ]
